

# CARNAVAL TRADICIONAL 2015

## Meira (Moaña)

### PROGRAMA

Domingo 8 de Febreiro

> 17:00h Parque do Samertolameu: **FESTA da POSTA do PAU**

Rememorando como se anunciaba antigamente o lugar onde se ía celebrar o carnaval, colocándose un longo pau de eucalipto adornado con fitas de cores.

> Discurso de apertura do Carnaval e despois **FOLIADA DA POSTA DO PAU**  
Aberta á participación de todas as persoas e grupos, que queiran vir, ademais, disfrazados.

**XANTAR DA POSTA DO PAU:** para os socios de Meiramar-Axóuxeres haberá un xantar previo ó acto da Posta do Pau, na Casa da Asociación, ás 14:00h.

Menú: SOPA e COCIDO

Prezo por persoa: 10 euros (menores de 12 anos de balde)

Reservar antes do mércores 4 de febreiro.

Domingo 15 Febreiro

> 17:00h **Baixada das Madamas e Galáns**, desde o Paso Redondo, no Pombal. (Estrada de Meira á Fraga) até o Parque do Samertolameu, acompañadas de comparsas e todas as persoas disfrazadas que queiran participar. En cada cruce de camiños as **Madamas e Galáns** bailarán as danzas ancestrais recuperadas pola nosa asociación.

> 18:00h **No Parque do Samertolameu**

Discurso do Sr. Obispo do Carnaval e actuacións de comparsas, con premios para os disfraces máis orixinais da xente que participou na baixada das Madamas e Galáns e na festa:

1º Unha CACHEIRA

2º Un LACON

3º Unha ristra de CHOURIZOS

